




# EL CISNE

Camille Saint Saens

<https://www.youtube.com/watch?v=qLbidylZ0-w>

# DATOS TÉCNICOS DA OBRA

O Carnaval dos Animais é unha suite musical de 14 movementos composta polo compositor francés Camille Saint-Saëns. Esta obra orquestal ten unha duración de entre 22 e 30 minutos. Saint-Saëns compuxo esta obra en 1886 en Austria. Orixinalmente era para un grupo de cámara composto por: flauta, clarinete, dous pianos, xilófono, dous violíns, viola, violonchelo e contrabaixo, pero hoxe en día en numerosas ocasións interprétano cunha versión para orquestra de corda. Desta obra solo de deron interpretacións privadas para un reducido círculo de amigos, entre eles Franz Liszt. Porén, o compositor deixou escrito no seu testamento que esta suite fora publicada unha vez que morrera, e desde entón converteuse nunha das súas obras máis populares. Esta obra pertence á música do século XX.



# BIOGRAFÍA DO AUTOR

Charles Camille Saint-Saëns (9 de outubro de 1835-16 de decembro de 1921) foi un compositor, director de orquesta, organista, pianista e militar francés. Foi un pianista virtuoso e tamén un excelente improvisador no órgano, desempeñou un papel excepcional na renovación da música francesa tanto pola súa ensinanza como por ser un dos fundadores da Société Nationale de Musique, destinada a toca e difundir a música francesa.

Saint-Saëns foi membro da Sociedad Astronómica de Francia, posuía un telescopio, e organizaba os seus concertos para que coincidiran con acontecementos astronómicos, como os eclipses solares. Escribiu artigos sobre a acústica, ciencias, escenografía teatral na Roma Antiga, instrumentos antigos, e tamén escribiu unha obra filosófica, *Problemas y misterios*, entre outros.



A súa extensa obra, elaborou máis de catrocentas composicións nas que abordou casi todosos xéneros musicais, é moi ecléctica, dun gran clasicismo e incluso nalgunhas composicións parte do romanticismo medio e dunha perfección a menudo un pouco forzada, o que fixo que se considerara demasiado académica, en Francia, sobre todo. Porén, a menuda é unha música de gran beleza e calidade de escritura. Foi tamén o primeiro gran compositor que escribiu música para cine. Hoxe en día o seu legado expónse no Château-Musée da cidade Alta Normandía, nunha sala expresamente dedicada a él, o salón Saint-Saëns, que está localizada no castillo-museo de Dieppe.

Procedía dunha familia de orixe campesiño. O seu pai, Víctor Saint-Saëns, era un funcionario público que se estableceu en París e que en 1834 se casou con Clémence Collin. O seu pai morreu de tuberculose cando só tiña tres meses o seu único fillo. Los médicos aconsellaron a su madre que enviara al niño con una niñera a respirar los aires del campo Corbeil durante un período de dous anos, xa que era moi seu pai lle transmitira a enfermidade. Estaban no certo, xa que Camille padeceu durante toda a súa vida dos pulmóns. A súa nai, tiña poucos medios para crialo, e recibiu con agrado a oportunidade de seguir vivindo ca súa tía avoa, Charlotte Masson, cando enviudou.


Camille regresou a París e viviu rodeado do cariño das dúas mulleres, sobre todo de Charlotte, que lle permitiu tocar o piano sendo moi neno. Foi un neno prodixio no piano e estaba dotada de oído absoluto.



Aos dous anos e medio sentouse por primeira vez fronte a un piano pequeno, e disfrutaba escoitando as notas ata que deixaran de sonar. A partir dese momento comezou a practicar o piano ca súa tía avoa que, aunque non era profesora, tiña unha sólida formación musical. Negábase a tocar pezas de álbumes infantiles, e desde moi neno comezou a compoñer. A súa primeira obra foi unha pequena peza para piano, aos 4 anos, que se conserva na Biblioteca Nacional de Francia. Aos 5 anos xa tocaba sonatas sencillas ao piano. A precocidad deste compositor non se limitou só a música, xa que aos 3 anos leía e escribía, e aos 4 comezou a estudar Latín. Para gañarse a vida, no 1853 comezou a traballar como organista, e cando cumpre os 17 anos, o abad da Igrexa en agradecemento por dedicarlle a súa Misa opus 4, ofreciulle acompañalo a Italia para escoitar o coro da Capilla Sixtina. Este foi un dos tantos viaxes que realizou ao largo da súa vida. No 1857 concédennlle o posto de organista na Igrexa de la Madelaine, que era un dos postos de organista máis remunerados en todo París, e pa-  
o que había unha gran competencia. Mantivo este posto ata 20 anos despois. súas improvisacións encandilaban ó público parisiano e foi admirado incluso por que o considerou o organista máis grande do mundo.



En 1861 coñeceu a Richard Wagner cando actuaba como pianista na ópera de París nunha presentación de Tannhäuser. Wagner quedou encantado ao ver como aquel xoven pianista tocaba a primeira vista e con tanta facilidade a súa obra tan complexa. Anos máis tarde diría que Saint-Saëns era o compositor francés vivo máis grande.



Tannhäuser: <https://www.youtube.com/watch?v=SRmCEGHt-Qk>

Dedicouse a ensinanza despois ata 1865, cando obtivo unha cátedra de piano en la École Niedermeyer. Saltouse a tradición ao incluír nos seus programas obras de compositores conemporáneos (Liszt, Shumann, Berlioz e Wagner), cando por aquel entonces, non se vía máis alá de Bach e Mozart. Entre os seus alumnos destaca Gabriel Fauré, o seu preferido.


No 1864, sendo xa un compositor coñecido, participou no Concurso de Roma por segunda vez, e non saliu gañador.

No 1866 comeza a interesarse pola ópera e a trabar amizade con Berlioz, que tiña uns 64 anos. Saint-Saëns foi sempre un gran admirador seu, pero eso non lle impediu criticar os seus supostos defectos, como o tratamento das voces como se foran un instrumento.

# ANOS DE MADUREZ

A pesar de ser unha época moi desafortunada para él, compuxo sen descanso nesta etapa que foi a de maior produción. Viaxa a Alemaña en 1876, e un ano máis tarde estrena a ópera *Le timbre d'argent*, no Teatro Lírico Dramático de París. Dedicoulle a obra a Albert Libon, que morreu nese mesmo ano, e ao que despois lle compuxo o Réquiem, na súa memoria.

Ese mesmo ano acaba a ópera *Sansón e Dalila*, unha historia bíblica que non foi ben acollida polos seus achegados cando lles tocou as partes que xa tiñan as partes escritas. Solo tivo o apoio de Lizst, o que animou ao compositor a completala. Liszt dirixiu con gran éxito o estreno, ao que asistiu o seu gran amigo, Gabriel Fauré. Porén, a ópera non se estreou en Francia senón ata doce anos máis tarde, e non na capital, senón en Ruan. Solo cando foi presentada nunha docena de cidades da provincia, puido escoitarse no 1890 no Teatro Edén de París. Esta ópera chegou a ser unha das obras máis coñecidas de Saint-Saëns, e mantívose no repertorio durante moito tempo. Anos despois de compondor a obra que analizou viaxou a Arxelia, a Exipto e foise unha tempada á isla de Gran Canaria, onde adoptou o pseudónimo de Charles Sannois. Ata o verán non tiveron noticias súas, en que foi visto en Gran Canaria, e sentiuse polo tanto obrigado a regresar a París.





Estas vacacións provocáronlle un enorme desexo de viaxar, cousa que non deixou de facer nos anos seguintes. Camille Saint-Saëns faleceu no 1921 aos 86 anos, vítima das súas enfermidades pulmonares no Hôtel de l'Oasis, un día no que traballou un pouco e incluso cantou algunhas arias de Verdi. Os seus restos mortales trasladáronse a París, e están situados xunto aos da súa nai e os seus dous fillos aos que tanto quixo.





# ANÁLISIS MUSICAL

El Cisne é unha das partes máis tranquilas da obra, en donde dous pianos e un cello interpretan un sereno e natural paseo dun cisne no seu hábitat natural. O violoncello interpreta unha melodía preciosa, que evoluciona sobre a base armónica en arpexios do piano, alternando entre os modos maior e menor. É moi importante no Romanticismo tardío en donde se sitúa esta obra, a expresividade na interpretación dos reguladores e matices. O fraseo ligado do violoncello imprime todo o carácter á melancólica beleza do cisne.

El Cisne retrata unha melodía cantable con carácter andantino nun compás de 6/4, interpretada por un violoncello con notas maiormente largas que simbolizan a elegancia dun cisne sobre un lago. As semicorcheas e as corcheas que ten o piano, por unha parte teñen a tarefa de evocar un lago apacible e despois dá a sensación de impulsos rítmicos cos cales o cisne se desplaza.

Un cisne nada lentamente, case sen moverse, pousado sobre o seu propio reflexa na auga. A elegancia das formas e o movemento pausado deste animal foron sempre unha fonte de inspiración, e Saint-Saëns regalounos unha mostra deles. Foi adaptado para o ballet para o coreógrafo ruso Fokin co título “La muerte del cisne” para a gran bailarina Anna Pavlova, e foi interpretada pola maioría das máis grandes bailarinas do s. XX, como Maia Plisietkaia.

<https://www.youtube.com/watch?v=91B1ZWg8leQ>

# THE SWAN (Le Cygne)

from *The Carnival of the Animals*  
arranged for Piano and Cello

CAMILLE SAINT-SAËNS

Unha melodía fermosa, interpretada por un violoncello, mostra a danza dun cisne. Un dos dous pianos debuxan un vaivén calmoso que o cisne describe na superficie da auga, e o segundo piano emite acordes que reflexan as gotas que caen pausadamente.

Ten a forma: A B A'

Andantino grazioso (♩ = ca. 69)

Cello

Piano

*p*

*pp*

*rim.*

*p*

# CURIOSIDADES DO COMPOSITOR

Saint-Saëns era homosexual e nunca mostrou moito entusiasmo en canto ao matrimonio. En certa ocasión foi acusado polo público de sodomía, e el replicoulle: “Non son homosexual, son pederasta!” Utilizou este termo en contraposición con homosexual, que en Alemaña entón se vía como unha patoloxía mental.

Aos 40 anos coñeceu a Marie-Laure Truffot, que tiña 19 anos. Casaron, e o compositor díxolle que estaba demasiado ocupado como para ir de viaxe de noivos, e instalou a súa esposa nun apartamento de París.

Tiveron dous fillos: o primeiro morreu ao caer por unha ventana desde un cuarto piso. Despois desto, Marie foi incapaz de seguir coidando ao outro pequeno, e mandouno ca súa nai. Morreu seis semanas despois con solo sete meses ao non ser capaz de superar a malaria.

Saint-Saëns culpou a Marie de ambas mortes. Tres anos máis tarde escribiulle decíndolle que nunca máis volvería a vivir con ela. Nunca se divorciaron, pero viviron separados o resto das súas vidas sin verse nin establecer ningún tipo de comunicación.

# OPINIÓN CRÍTICA

O compositor planeou esta obra como unha broma par un día de carnaval, así que aparecen leóns, galiñas, tortugas, canguros, burros entre outros animais, con toques de humor. Algo gracioso desta obra é que Saint-Saëns tomou prestada a música de outros compositores e púxo a noutro contexto moi distinto ao orixinal. Así, insertou cancións antigas francesas ata o “Can-Can”, pasando pola Danza Macabra deste mesmo autor. A única parte que foi publicada en vida da obra completa foi El Cisne, para violoncello e piano.